



## A/A dos/as compañeiros/as Técnicos en Emerxencias Sanitarias de Galicia

<b>Tesgalicia</b>
Rexistro de Saída
Nº R.S.T. 050-18
Data: 09/11/2018

Estimados/as compañeiros/as

Tras recibir e analizar a Instrución Técnica "I.T. IO3-01" da FPUS de Galicia-061, na súa 5ª edición con data 19/10/2018, (que non todos os/as TES recibiron), temos que informar a todos os/as Técnicos en Emerxencias Sanitarias o seguinte.

Vimos de revisar a Lexislación Vixente publicada en diferentes BOE e DOGA. Tamén de facer a pertinentes consultas xurídicas, chegando ás seguintes conclusións:

A citada I.T. non se axusta á legalidade vixente.

Esta I.T. pretende ir en contra das competencias legalmente establecidas para os/as Técnicos en Emerxencias Sanitarias, non recoñecendo en ningún momento que os/as TES son Persoal Sanitario. E tamén pretendendo limitar ou mesmo prohibir a realización de funcións legalmente establecidas.

No Instituto Nacional das Cualificacións Profesionais (INCUAL), se detalla con total claridade as capacidades do noso título. Sen embargo, nesta nova edición da I.T., seguimos comprobando como seguen obviando actuacións que os TES temos recoñecidas.

Entre as competencias que o INCUAL cita para os TES, podemos citar que "para prestar atención específica adecuada ante paciente inconsciente ou con problema de alteración de consciencia, valórase o seu estado e a reacción pupilar. E determínase a glicemia capilar", por exemplo. Tamén o "recoñecemento, limpeza e desinfección de feridas". Ou a "administración de medicación por vía oral, rectal ou tópica, baixo decisión facultativa", que os TES podemos facer tras informar ao MER.

Ademais, no recadro da derradeira páxina desta I.T., prohíbese expresamente a utilización de aparataxe e funxibles para poder abordar algunhas destas técnicas. E outras, nin sequera se contemplan.

Lembrede que estar contratados polo convenio de transporte, como "condutores ou axudantes", non exime das obrigas e funcións que debe realizar o TES por mor da súa formación regrada. Este feito so incorre nunha mala xestión das Administracións cos Profesionais Sanitarios TES, ao non recoñecer a nosa categoría laboral.



# Tesgalicia

Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias  
e Xestores de Emerxencias de Galicia

www.Tesgalicia.info - Lugar das Termas da Chavasqueira Edificio Escola Obradoiro 32001 Ourense - correo@tesgalicia.info



Sabede que hai case 3 anos, 2 TES (socios de Tesgalicia) tras falar coa Dirección da FUPSGA-061, puxeron en marcha un equipo multidisciplinar con 2 Médicos e 2 DUEs do 061 (todos da área de Vigo), equipo que realizou un intenso traballo na actualización e adaptación da versión anterior da I.T. que se cita ao principio deste comunicado, e tamén se elaborou un primeiro Protocolo Pechado de actuación dunha patoloxía tipo concreta, acorde as funcións reais dos TES para que en determinadas circunstancias se actuase da mesma maneira en toda a comunidade autónoma, co fin de conseguir unha mellora na calidade do servizo e a atención ao paciente, como xa teñen outras CCAA dende hai anos.

Lamentablemente e tras 2 anos de traballo, este grupo "foi pechado" por parte da dirección da FPUSGA-061. "A cambio", varios meses despois a FPUS creou 4 grupos de traballo formados por 1 TES, 1 médico e 1 Due cada un deles, co obxectivo de elaborar uns protocolos pechados de patoloxías concretas ...

Nestes grupos non se tivo en conta aos dous TES de Tesgalicia, con experiencia en publicacións e na creación/adaptación dos protocolos e desta iniciativa, feito que se reclamou en vano á dirección FPUSGA-061.

Estamos á espera de avances dos protocolos creados por estes grupos e intentamos confiar da boa intención da dirección da FPUSGA-061, para que nestes novos protocolos se teñan en conta as novas circunstancias dos TES ... Pero a publicación desta I.T., non axuda en nada a que se recoñeza a nosa categoría profesional nin as nosas competencias reguladas.

Para rematar este comunicado, temos que **advertir a todos/as os/as TES que, tanto como por ser Persoal Sanitario como polas competencias que están legalmente establecidas, se en algunha actuación non aplicasen correctamente os coñecementos adquiridos e as técnicas necesarias para a atención dos pacientes por guiarse do que erroneamente se cita nesa I.T. da FPUSGA-061, poderían ter que responder ante a Xustiza por negligencia das súas competencias e provocar que a patoloxía e a situación do paciente poda empeorar por non prestar a atención axeitada.**

**Se algún/a TES ten algún problema coa súa empresa; teleoperador/a; locutor/a; médico de sala; DUE, ou coa FPUSGA-061, por atender correctamente a algún paciente, seguindo as competencias legais establecidas e que chocan con esta I.T., poden poñerse en contacto con Tesgalicia, que actuará e defenderá aos TES diante dos organismos administrativos ou xudiciais que correspondan.**

**Insistimos novamente ao persoal que realiza as funcións sanitarias nas SVB, SVA, e Programado, ler os documentos oficiais (BOE, DOGA,...) para ter claras as funcións, obrigas e responsabilidades propias de cada un: TES e TTS.**

No enlace do código Qr atoparás os máis importantes.

En Galicia, a 9 de novembro de 2018

A Xunta Directiva de Tesgalicia

correo@tesgalicia.info

